



INTRODUCCIÓN

A Noite Branca é un proxecto ilusionante que desenvolvemos no Concello de Vigo para desfrutar e mostrar os museos e centros culturais da cidade, nunha xornada singular na que as coleccións e as exposicións se revisten de extensións musicais e outras actividades para mellor saborear o noso patrimonio.

Nesta edición da Noite Branca os museos e centros culturais da cidade abren as súas portas para darlles a oportunidade de saborear a cultura dunha forma moi especial. A Rede Museística e Expositiva de Vigo ofrece de novo toda unha mancha de actividades, exposicións, visitas guiadas, concertos, obradoiros, etc. que lles permitirán redescubrir o rico patrimonio da nosa cidade.

A iniciativa contén a súa filosofía de gratuidade, sostibilidade e participación e seguimos convidando o público de todas as idades a participar nesta experiencia enriquecedora.

A cultura está máis viva ca nunca en Vigo. Déixense sorprenden polas propostas desta Noite Branca 2024 e acudan a ela coa mirada aberta, dispostos a gozar da arte e da cidade.

INFORMACIÓN E RESERVAS

010 SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ

- **Horario de servizo:**
Luns a venres de 8:00 a 20:00 h.
Sábados de 10:00 a 14:00 h.
- **Forma de contacto:**
Dende Vigo marcando 010.
Fóra de Vigo e dende móbiles 986 810 260
Fax 986 810 263
- **Correo electrónico:** 010@vigo.org
- **www.vigo.org**

SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO RMM

- **Inscripcións para determinadas visitas guiadas a exposicións, obradoiros e actividades.**

As reservas realizaranse entre o luns 22 e o venres 26, mentres haxa dispoñibilidade, segundo o seguinte:
 - **Horarios atención telefónica:**
Luns, martes e mércores
de 10:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:00 h;
xoves e venres de 10:00 a 14:00 h.
 - **Tfnos:** 986 240 130 ou 619 948 920
 - **Correo electrónico:**
reservas.aprmvigo@gmail.com
- Máximo 4 persoas por reserva.

**CONCELLO
DE VIGO**



NOITE BRANCA

REDE DE MUSEOS DE VIGO

**PROGRAMACIÓN
POR CENTROS**

PAZO-MUSEO MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN"


📍 Parque de Castrelos

PAZO-MUSEO

- **Horario de apertura:**
de 20:00 ata a 2:00 h.

VISITAS EXPOSICIÓNS:

- **Visita guiada ás coleccións.**
Horas: 20:00 h, 21:00 h, 22:00 h e 23:00 h
(duración 50').
Máximo 25 persoas. Todos os públicos.
Sen reserva, ata completar capacidade.



- **Visita libre** de 20:00 a 2:00 h.
Todos os públicos.

EXPOSICIÓNS

COLECCIÓN ARQUEOLÓXICA

A colección arqueolóxica municipal abarca desde o Paleolítico ata a Romanización. Na exposición permanente trázase un percorrido vital desde a alba do ser humano como especie na comarca de Vigo ata os primeiros séculos de nosa era. Nesa viaxe pola prehistoria e a historia antiga, os distintos elementos que integran a colección cóntannos como era a vida no Vigo primixenio e os seus arredores: como pescaban, que comerciaban, a que deuses adoraban e como enterraban aos seus mortos.

Os xacementos representados na colección comprenden todo o termo municipal (O Castro, Toralla, Areal, Saiáns, etc.) e esténdense ademais por outros do sur da provincia de Pontevedra (Donón, Budiño, Atios, etc.).

RECREACIÓN do pazo galego e colección de pintura antiga e artes decorativas.

O pazo de Castrelos está considerado un dos exemplos máis senlleiros de pazo galego. Edificado en 1670 foi obxecto de varias reformas nos séculos XIX e XX que amais de embelecelo, transformárono en casa-museo visitable. Un percorrido polas súas estancias, cunha atractiva selección de obras de arte e obxectos decorativos, permite evocar o ambiente aristocrático da mansión a primeiros do século XX, en época dos seus últimos residentes, os marqueses de Mos e Valladares.

A colección de Pintura Europea posúe un total de 128 obras de arte coas que se percorren as máis importantes escolas pictóricas europeas dos séculos XVI a XIX: italiana, holandesa, flamenga, francesa, alemá, española ou inglesa. A variedade temática inclúe todos os xéneros: paisaxe, retrato ou bodegón, entre outros; con obras verdadeiramente mestras de autores como Fragonard, Subleyras ou Carlo Maratti.

Os cadros da colección proceden na súa meirande parte do legado do filántropo vigués D. Policarpo



Sanz ou de depósitos realizados, pouco antes de se iniciar a Guerra Civil, polo Museo Nacional del Prado.

Así mesmo, máis de 1.000 pezas integran as coleccións de mobiliario e artes decorativas, apartado no que destaca a sección de cerámica e porcelana, con pezas orientais e de célebres fábricas europeas como Sévres, Limoges, Meissen, ou da galega Real Fábrica de Sargadelos.

No percorrido polas salas pódese ver unha selección e tamén un abundante conxunto de mobiliario histórico de diversas escolas europeas dos séculos XVIII a XIX, especialmente a francesa (Luís XV, Luís XVI e Imperio). Resulta tamén salientable o moble galego da escola compostelá de Maximino

Magariños ou José Liste, célebres ebanistas a cabalo entre os séculos XIX e XX. As artes decorativas completan o seu catálogo cun fermoso repertorio de reloxos, alfombras orientais e españolas, lámpadas, cristalería e obxectos de prata ou bronce que verdadeiramente trasladan as e os visitantes a outra época.

OBRADOIROS

- **Obradoiro de cerámica castrexa.**

Horas: 20:30 a 22:00 h (duración 90').

Máximo 25 persoas. Público familiar.

Necesidade de reserva previa.

XARDÍN HISTÓRICO DO PAZO-MUSEO

- **Xogo de pistas.**

Horas: 20:30 a 22:00 h (Duración 90').

Máximo 25 persoas. De 8 a 14 anos.

Sen reserva, ata completar capacidade.

Punto de encontro: na porta do Pazo-Museo

- **Visita guiada ao xardín histórico.**

Horas: 20:00 h; 21:00 h (Duración 45').

Máximo 20 persoas. Todos os públicos. Sen reserva, ata completar capacidade. Punto de encontro: na porta do Pazo-Museo.

O Xardín Histórico do Pazo de Castrelos data de finais do século XIX. A realización do seu deseño foi ordenado polo marqués de Alcedo e María de los Milagros Elduayen, VIII marquesa de Valladares. A súa localización é adxacente ao pazo, sobre un terreo de labranza prominente, aínda que non o máis elevado de toda a propiedade.

O xardín pacego chegado ata hoxe é o resultado da transformación da primitiva horta lindeira ao propio pazo, dando resposta a unha esixencia de mellora da calidade de vida e como signo dun status social diferenciado. Os señores pacegos podíanse permitir o abandono produtivo dunha parte da horta e darlle outro uso, para servir como elemento ornamental e de ocio.

A autoría do deseño e construción dos xardíns é descoñecida, non obstante, cabe subliñar que, a influencia das correntes xardineiras vixentes nesa época na bisbarra de Vigo, non só era “portuguesa”, senón tamén, francesa e belga, feito acreditado polo asentamento de familias de longa tradición xardineira como os “Turc” ou os “Philippot”.

No recinto axardinado pódense considerar cinco sectores ben diferenciados que facilitan o seu estudo e descrición: xardín de acceso, roseira, xardín francés, xardín inglés e bosquete.



XARDÍN DIANTEIRO DO PAZO-MUSEO

MÚSICA E DANZA

NEØNYMUS. “Ritos do esquecemento e memorias prehistóricas”.

Horario: 00:00 h (Duración 70’).

Todos os públicos. Sen reserva, ata completar capacidade.

Neønymus é un proxecto musical de Silverio Cavia, no que desenvolve e interpreta en directo unha música polifónica profundamente evocadora de épocas antigas, utilizando para elo unha atrevida combinación de tecnoloxía, instrumentos prehistóricos e a súa singular voz. Nesta ocasión, a música de neønymus combínase con dous artistas escénicos que realizan, en determinados momentos, intervencións de danza contemporánea e performance, evocando a presenza dos antigos poboadores do territorio e os seus ritos esquecidos. Estas accións artísticas apóianse con videoproxeccións sobre o propio pazo.




PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

📍 Rúa de Abeleira Menéndez, 8

Ampliación de horario de apertura
ata as 2:00 h.

VISITAS EXPOSICIÓNS:

- **Visita guiada á exposición temporal “O teu rostro na multitude. As miniaturas do Legado Policarpo Sanz e Irene de Ceballos”.** Horas: 20:30 e 23:30 h (Duración 60’). Máximo 25 persoas. Todos os públicos. Sen reserva, ata completar capacidade.
- **Visitas guiadas “A Nova Colección Colmeiro”.** Horas: 22:00 e 01:00 h (Duración 60’). Máximo 25 persoas. Todos os públicos. Sen reserva, ata completar capacidade.
- **Visita libre** de 20:00 a 02:00 h. Todos os públicos.



EXPOSICIÓNS

“O TEU ROSTRO NA MULTITUDE. AS MINIATURAS DO LEGADO POLICARPO SANZ E IRENE DE CEBALLOS”.

Planta baixa.

As miniaturas do Museo Municipal “Quiñones de León” proceden do Legado Policarpo Sanz e Irene de Ceballos. O magnate legou á cidade de Vigo un gran patrimonio artístico e económico. A súa esposa aumentou este legado e velou polo seu coidado ata a súa entrega ao Concello de Vigo.

As miniaturas foron obxectos esenciais nos regalos que se intercambiaban entre as cortes europeas. Tamén completaban o adorno das xoias que os monarcas e nobres regalaban ás súas esposas, fillas, afillados ou príncipes estranxeiros.

A súa época de máximo esplendor debemos situala entre a segunda metade do século XVIII e o primeiro terzo do século XIX. Cara a 1855 comezou

o seu ocaso. A invención da fotografía causou a súa lenta, pero irremediable, desaparición, aínda que algúns miniaturistas sobreviviron e seguiron pintando durante o primeiro terzo do século XX.

As vinte nove pezas que forman o conxunto ofrecen un somero panorama do que foi a miniatura retrato en Francia desde a segunda metade do século XVIII ata ben entrado o século XIX; e como foise transformando este xénero pictórico, de arte cortesán a arte burguesa moi demandada.

Sobre marfil, vitela ou esmalte, na colección aparecen miniaturas de excelente calidade. Destacan o suxestivo Retrato de muller de Jean Urbain Guerin (ca. 1805 -1810); o anónimo Retrato de home (ca. 1810) dun detalle sorprendente; ou o reto que supón facer un “cadro dentro dun cadro” nestas dimensións do Retrato de familia de Antoine-Guillaume Chereau (1798), miniatura que ata o momento é a única coñecida deste miniaturista.



“A NOVA COLECCIÓN COLMEIRO”.

Planta terceira.

O 17 de novembro de 2017 o Concello de Vigo recibiu dos herdeiros de Manuel Colmeiro un importante conxunto de obras deste pintor galego.

Formada por 21 óleos e 145 obras sobre papel, esta nova colección municipal só cabe valorarse como excepcional pola súa ampla cronoloxía; a variedade dos seus temas e técnicas; a gran calidade das obras, especialmente dos óleos pero tamén de series sobre papel como “Os desastres da Guerra”.

Manuel Colmeiro Guimarás (1901- 1999) está considerado un dos membros máis destacados do grupo de Os Novos, artistas galegos que, cara a década dos 30 do pasado século XX, renovaron á linguaxe artística de Galicia ao incorporarlle as revisións que a arte experimentaba en Europa desde finais do século XIX. Dentro dos Novos, e posteriormente ao longo de toda a súa carreira, Manuel Colmeiro amosará unha personalidade única que, en permanente e coherente evolución artística, farano referencia imprescindible na historia da arte galega contemporánea.

MAXIA

Maxia no Museo: ilusionismo de vangarda.

Horas: 20:00 h; 21:30 h; 23:00 h; 00:30 h

(Duración 40’). Máximo 40 persoas.

Todos os públicos. Necesidade de reserva previa.

Maxia no Museo: ilusionismo de vangarda, é unha experiencia multi sensorial única do ilusionista Pedro Volta, que desafiará os límites da percepción e transportará ao público a un universo de asombro e fantasía. A través dunha innovadora posta en escena, o mago Pedro Volta conéctase coa

intelixencia artificial a través dunha gran pantalla para crear ilusións suxeridas pola IA con novas formas de facer maxia, inspirándose en elementos artísticos únicos.

EXTERIOR DA PINACOTECA

ANIMACREQUES

Catropés. Horas: 20:00 h (Duración 50’).

Todos os públicos.

Catropés é unha compañía galega de nova creación formada por Vanessa Rivas e Anxela Blanco, dúas mulleres que compartiron camiño no escenario, nas viaxes e nos contos, e que se achegan nesta ocasión para desenvolver o seu primeiro proxecto conxunto: Animacreques. A partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza xorde esta proposta de animación e intervención na rúa. Un xogo visual que permitirá ao público participar e gozar desta peculiar relación entre monicreque e titiriteira.




CASA DAS ARTES

📍 Rúa de Policarpo Sanz, 15

Ampliación de horario de apertura
ata as 2:00 h.

VISITAS EXPOSICIÓNS:

- **Visita libre** de 20:00 a 02:00 h. Todos os públicos.



“COLECCIÓN LUÍS TORRAS”. EXPOSICIÓN PERMANENTE.

Planta segunda.

En 1998 o lonxevo artista vigués Luís Torras, finado en xaneiro deste ano á idade de 111 anos, dóalle á cidade de Vigo unha importante colección de obras da súa autoría. Formada por máis de cincuenta cadros producidos entre 1960 e 1997, a exposición cobre todos os xéneros practicados polo pintor (paisaxes, bodegóns, mariñas, retrato...) e as súas variadas técnicas, permitindo deste xeito ofrecer un completo retrato deste interesante e popular artista.

FUNDACIÓN LAXEIRO. EXPOSICIÓN TEMPORAL.

“Liña e garabato. Recursos expresivos no debuxo de Laxeiro”.

A Fundación Laxeiro presenta este proxecto que, mediante unha escolma de obras sobre papel en branco e negro, pretende afondar nos recursos expresivos que un debuxante excepcional como era Laxeiro, utilizaba para desenvolver o seu universo estético, narrativo e artístico. Laxeiro dicía que, para el, o debuxo era á pintura o que o pentagrama era á música. Esta afirmación dá boa conta da relevancia

que lle concedía como recurso organizador da composición nas súas obras, ata o extremo de que, mesmo nas súas pezas abstractas realizadas unicamente con mancha, pódese rastrexar unha composición equilibrada, produto desa organización da superficie pictórica que Laxeiro, debuxante compulsivo dende a súa mocidade, tiña interiorizada.

Esta exposición propón un achegamento ao debuxo de Laxeiro a partir da coexistencia da liña limpa e o garabato que, malia que parecen opostos, conforman os dous extremos expresivos a partir dos que o noso pintor construíu un dos máis sólidos discursos estéticos da arte galega do século XX. As obras expostas, procedentes de coleccións particulares, foron seleccionadas a partir do traballo de localización e catalogación de obra que a Fundación Laxeiro leva facendo dende hai vinte e cinco anos dando así visibilidade, en forma de exposición, ao traballo de investigación.

CONTACONTOS

“Sentido emocións”.

Horas: 20:00 a 20:45 h (Duración 45’).

Máximo 20 persoas. De 4 a 10 anos.

Necesidade de reserva previa.



OBRADOIROS

- **Obradoiro creativo. “Laxeiro e os seus personaxes”.**

Horas: 21:00 h (Duración 75’).

Máximo 15 persoas. De 6 a 12 anos.

Necesidade de reserva previa.

- **Obradoiro creativo. “Imposibles”.**

Horas: 20:30 h (Duración 90’). Máximo 20 persoas.

Familiar. Necesidade de reserva previa.

TEATRO

- **“A librería máxica”.** **Horas:** 22:30 h (Duración 45’).

Público familiar. Sen reserva, ata completar capacidade.

A Librería máxica da compañía Inventi Teatro é unha divertida obra teatral para toda a familia onde dous simpáticos libeiros ofrecen o libro perfecto para cada persoa grazas á súa capacidade de atopar o conto ideal para cada lector a e ocasión! A librería máxica achega ás nenas e nenos, e tamén ás persoas adultas, o amor pola literatura e os libros e rende homenaxe ao pequeno comercio e tendas de barrio.

MÚSICA

- **“Xogo de espellos”, Javier Otero Neira.**

Horas: 00:30 h (Duración 60’). Público adulto.

Sen reserva, ata completar capacidade.

Xogo de espellos é un proxecto creado por Javier Otero Neira e estreado no ano 2023 ca Real Filharmonía de Galicia, con músicas para piano electrónica e orquestra. Nesta ocasión, faino na súa versión en solitario, introducindo novos elementos. Diseñado especialmente para públicos diversos, quere ser un punto de encontro entre a música actual e a chamada “clásica”, co piano como fio condutor, a través do que descubrir novas músicas e novas formas de expresión artística en entornas diferentes.



CASA GALEGA DA CULTURA

📍 Praza da Princesa, 2

Ampliación de horario de apertura ata as 2:00 h.

VISITAS EXPOSICIÓNS:


- **Visita libre** de 20:00 a 2:00 h. Todos os públicos.

[BI] SIÓNS. DÚAS MIRADAS SOBRE VIGO.
EXPOSICIÓN TEMPORAL.

Planta baixa.

A arquitectura dunha cidade non é simplemente unha colección de edificios representativos; é unha simbiose dinámica entre as estruturas físicas e as persoas que as habitan e usan. Neste marco, espazos físicos e vidas humanas entrelázanse nunha relación de influencia mutua, onde a cidade se converte nun ser vivo, conformado por e para os seus habitantes.

Esta proposta expositiva, baseada nun diálogo visual entre as fotografías de Antonio Gutierrez e Jorge Lens, afonda neste concepto dual onde a arquitectura viguesa non só define a silueta e a identidade da cidade, senón que é testemuña silenciosa da vida cotiá que acontece nela.



MUSEO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Planta primeira.

Recentemente, o Concello de Vigo procedeu á renovación total do Museo Francisco Fernández del Riego baixo criterios conceptuais e museográficos completamente actualizados. Tratábase de que a nova exposición permanente da colección de arte do intelectual explicase a súa vida e a súa imprescindible achega á cultura galega contemporánea.

Así a exposición permite achegarse a todos os artistas chave do pasado século XX como Laxeiro, Colmiro, Maside, Seone, etc, e contemplar obras senlleiras da arte galega desde finais do século XIX.



VERBUM

📍 Avda. de Samil, 17

Ampliación de horario de apertura ata as 2:00 h.


VISITAS EXPOSICIÓNS:

- **Visita libre** de 20:00 a 2:00 h. Todos os públicos.

Proxectado polo arquitecto galego César Portela e situado na contorna da praia de Samil, o Verbum é un museo interactivo sobre todos os ámbitos relacionados coa comunicación humana. Está deseñado como un espazo cultural, lúdico e divulgativo no que se pode participar dun modo activo nos elementos expositivos. Estrutúrase en catro andares unificados por unha caixa de luz que os atravesa e os relaciona, semellando un conxunto de caixas chinesas que se conteñen as unhas ás outras.

O museo é un espazo de entretemento que permite experimentar e coñecer, a través de xogos, todo o relacionado coas linguaxes, os idiomas, as palabras, as letras, os sons, os signos, os símbolos, a vista, o oído, a lectura, a escrita, a literatura e a tecnoloxía.

O deseño expositivo organízase en 29 cubos que conteñen, no seu interior, un total de 81 módulos que desenvolven os distintos temas do museo: linguaxe, ciencia, literatura e tecnoloxía. Ademais, o museo organiza actividades interactivas destinadas a escolares, asociacións culturais, familias, etc. dando así visibilidade, en forma de exposición, ao traballo de investigación.



ARTE URBANA

- **Intervención artística mural**

Horario: de 20:00 a 02:00 h.

A artista Tamara Baz realizará unha intervención artística mural en directo no exterior do Museo, elixindo un tema que ten que ver coa cultura da cidade de Vigo, e dialogando co público para amosar o proceso completo de creación dunha obra e informar sobre curiosidades ou dúbidas en relación co proceso creativo.

OBRADOIROS

- **Marabillas xiratorias. Taller de xoguetes ópticos.**
Horas: 21:00 h (Duración 90'). Máximo 20 persoas. Nenas e nenos a partir dos 5 anos acompañados dos seus pais ou titores; adultos e menores a partir dos 12 anos sen titorizar. Necesidade de reserva previa.
- **Vestir na Idade do Ferro. Taller de vestimenta castrexa.**
Horas: 22:30 h (Duración 90'). Máximo 15 persoas. De 6 a 12 anos. Necesidade de reserva previa.



TEATRO

- **“Pum! Pum! Quen hai?”**

Horas: 20:00 h (Duración 45’).

Todos os públicos. Sen reserva, ata completar capacidade.

Pum! Pum! Quen hai? É unha comedia musical da compañía Ártika Cía, que nos introduce na vida de Gaia, unha nena espelida que nos guía a través dos xogos tradicionais do seu pobo. Xunto con personaxes tan carismáticos como Tía Maruxa e Don Rosmón, Gaia desafia os segredos das portas veciñas, enredando a todos nunha aventura de risas e revelacións.

MÚSICA

- **“El cuarto dorado” Carlos Gil e Cora Velasco.**

Horas: 00:30 h (Duración 60’).

Público adulto. Sen reserva, ata completar capacidade.

O músico vigués Carlos Gil (Le BarLuthier, Luis Fercán, Monoulious Dop...) e a actriz pontevedresa Cora Velasco propoñen para a Noite Branca dos Museos de Vigo a presentación en exclusiva do seu novo disco, “El Cuarto Dorado”, que lanzarán a principios de 2025.

VILLA SOLITA

21:00 h

CONCERTO: DÚBIDA

Entrada libre ata completar capacidade.

Patrimonio Histórico súmase á Noite Branca coa actuación do grupo Dúbida, que se encadra no marco da actividade Curiosidades Solita, caracterizada pola intervención de grupos novos ou artistas con referencias musicais pouco comúns e/ou diferenciadoras.



MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

📍 Rúa do Príncipe, 54

Ampliación de horario de apertura
ata as 2:00 h.

VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS

- **Horarios:** ás 20:00 h, 22:00 h e 00:00 h.

Exposicións de **Daniel Verbis**, **Bosco Caride**, **Laía Argüelles Folch**, e a mostra colectiva **On the Table**.
Entrada libre e gratuíta ata completar capacidade en cada visita.



EXPOSICIÓNS

DANIEL VERBIS “Desexando ser”.

Salas de exposición da planta baixa.

www.marcoviggo.com/content/daniel-verbis-desexando-ser

Os espazos da planta baixa do MARCO ofrecen un percorrido pola obra de Daniel Verbis (León, 1968); unha mostra do seu vigor creativo a través dun conxunto de obras representativas do seu labor artístico e investigador ao longo destes últimos anos. A exposición, pensada para os espazos da planta baixa do MARCO, quere potenciar as posibilidades que ofrece a súa arquitectura, con teas de grandes dimensións, murais e instalacións de obxectos, creando un itinerario emocional referendado polas colaxes e as obras sobre papel como unha especie de material de arquivo complementario. A súa montaxe e disposición buscan establecer diálogos entre os cadros e as pezas realizadas noutras técnicas, de modo que se perciba que o eixe de todas elas é unha concepción dinámica, orgánica e cambiante da expresión artística; que a pintura é un organismo fisicamente vivo e semánticamente poético, sempre en transformación.

BOSCO CARIDE “Indicios”.

Salas de exposición do 1º andar.

www.marcoviggo.com/content/bosco-caride-indicios

A exposición de Bosco Caride (Vigo, 1963) xira ao redor de un só e único motivo: estados atmosféricos ou gasosos (nubes, fume, vapores...) que se presentan sen ningunha referencia espacial ou contexto. Este tema é unha afirmación da pintura e relaciónase coa grande tradición da paisaxe, como especulación formal ou pictórica. Pero a de Caride é unha obra aberta que posúe moitos niveis de lectura porque os seus “efectos atmosféricos ou gasosos”, como a noite ou as néboas do norte para os románticos, non son unha ausencia, senón unha produción de sentido: é o mundo da suxestión ou a chave da imaxinación. Pero por riba de todo, Bosco Caride responde á idea da arte como contemplación, e identifícase cunha tradición contemporánea que, aínda que con diferentes sensibilidades, entende a pintura como reflexión, un espazo de silencio, un diálogo cara a cara coa obra de arte.



LAÍA ARGÜELLES FOLCH “Todavía siempre”.

Galería B1 e sala perimetral, 1º andar.

www.marcovigo.com/content/la-arg-elles-folch-to-dav-siempre

“Todavía siempre” reúne unha selección de obras dos últimos dez anos nos que Laía Argüelles Folch (Zaragoza, 1986) ten desenvolvido a súa metodoloxía de pensamento e composición, a partir da investigación e o traballo con materiais atopados. Interesada no potencial das imaxes e a linguaxe como xeito de relación co mundo, a artista aborda aquí nocións como a materialidade, a colección e a repetición, mediante exercicios de montaxe, pregamento e despregamento. As obras materializan este interese pola natureza das imaxes e a súa capacidade de propor futuros posibles, á vez que apuntan á construción de significados abertos, móbiles, sensibles.

“ON THE TABLE”. Un proxecto de Isidro Blasco.

Virginia Frieyro, Montserrat Gómez Osuna, Din Matamoro, Teresa Moro, Sandra Rein, Luís Salaberría.

Galería A3, planta baixa.

www.marcovigo.com/content/table

“On the Table” presenta un conxunto de pezas de cerámica deseñadas por Isidro Blasco e realizadas en fornos tradicionais, intervídas por seis artistas. Un proxecto aberto que tivo a súa orixe en 2020 coa iniciativa The Table Project, e que agora reúne de novo un grupo de artistas en torno á cerámica, esta vez tomando como punto de partida a olaría. As formas deseñadas por Isidro Blasco, xunto ao torneado de Juan Carlos Fernández –oleiro de Puento del Arzobispo pertencente á 6ª xeración de artesáns– ofrecen o mellor lenzo en branco para que cada artista interveña sobre unha serie de cerámicas diferentes na súa forma e tamaño, todas elas realizadas en barro vimbio e cocidas a 1.000°C con terminacións de esmaltados transparentes e opacos.

MUSEO LISTE - Etnográfico de Vigo

📍 Rúa da Pastora, 22

Ampliación de horario de apertura ata as 1:00 h.

20:00 h.

Atando no peirao: a cargo de “Atalaia. Asociación de redeiras de Baixo Miño A Guarda”.

Exhibición comentada do seu traballo con redes e mostra da súa produción artesanal de complementos, realizados coas mesmas técnicas, como exemplo da transformación e innovación da súa habelencia.

O seu deveso por preservar, difundir e dignificar este oficio feminino, así como a busca de novas formas de facer que inclúen a reciclaxe, outórgalles un valor engadido ao seu traballo.

Esta actividade realizarase na finca circundante ao museo sempre que a climatoloxía o permita.

Duración: 90 min.

Sen reserva previa, ata completar aforo.

21:30 h.

Pase guiado: a viaxe como medio, a viaxe como fin. Visita ás exposicións permanente e temporal con especial atención aos oficios itinerantes na Sala dos oficios e ao souvenir, como obxecto símbolo da experiencia viaxeira, na sala de Exposicións temporais.

Duración: 60 min.


Sen reserva previa, ata completar aforo.

23:00 h.

Pase guiado: ao fio do dito. Visita ás exposicións permanente e temporal na que, mediante o emparellamento de expresións da nosa tradición oral coas pezas expostas, coñeceremos as curiosidades etnográficas máis sorprendentes.

Duración: 60 min.

Sen reserva previa, ata completar aforo.



O museo poderá ser visitado tamén de forma libre durante o horario especial de apertura.

repcion@museoliste.org



NATURNOVA, CENTRO INTERACTIVO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL Sede Afundación, Obra Social ABANCA.

📍 Velázquez Moreno, 18

Ampliación de horario de apertura ata as 00:00 h da exposición.

«Héctor Francesch. Colección de favoritas»

www.afundacion.org/es/agenda/evento/hctor-francesch.-coleccion-de-favoritas




Naturnova é un Centro Interactivo de Educación Ambiental cuxo obxectivo principal é estimular o coñecemento do mundo que nos rodea, e a súa importancia, para aprender a valoralo, respetalo e quere-lo. Permite ao visitante, a través de módulos interactivos, explorar moitos e variados temas de forma activa e lúdica. A información preséntase mediante xogos, un simulador de viaxe submarina, imaxes virtuais, obxectos, olores, recreación de ambientes, mapas...

<https://naturnova.afundacion.org/portal/es/que-es-naturnova/>.

Entrada libre ata completar capacidade.

NOITE BRANCA

REDE DE MUSEOS DE VIGO



Venres, 26 de xullo de 2024

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR